



DATOS IDENTIFICATIVOS

Teoría e método da arqueoloxía

Materia	Teoría e método da arqueoloxía			
Código	004G741V01311			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Pérez Losada, Fermín Emiliano Valle Abad, Patricia			
Profesorado	Pérez Losada, Fermín Emiliano Rodríguez Nóvoa, Alba Antía Valle Abad, Patricia			
Correo-e	patricia.valle.abad@gmail.com fermin@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=988			
Descrición xeral	Introdución xeral á Arqueoloxía como disciplina ou ciencia histórica específica nas súas dimensións teórica, práctica e patrimonial.			

Estudo da especificidade e características da evidencia arqueolóxica.

Explicación, comprensión e aplicación da metodoloxía arqueolóxica como medio de coñecemento histórico.

Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	
Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico	

Contidos

Tema	
1.- Dimensión teórica da Arqueoloxía	1.1. Definición e conceptos. 1.2. A evidencia arqueolóxica. 1.3. Desenvolvemento histórico: do «anticuarismo» á nova arqueoloxía.
2.- Methodological dimension of the Archaeology	2.1. Archaeological Propection 2.2. Archaeological Excavation 2.3. Analysis and interpretation of the archaeological data
3.- Dimensión patrimonial da Arqueoloxía	3.1. Valores, posesión e función social do patrimonio arqueolóxico. 3.2. Conservación, musealización e xestión do patrimonio arqueolóxico.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	23	23	46
Eventos científicos	2	0	2
Prácticas de laboratorio	15	15	30
Seminario	3	3	6
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Exame de preguntas obxectivas	1	15	16
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	1	17	18
Estudo de casos	3	12	15
Observación sistemática	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición na aula, por parte do profesor, dos contidos sobre a materia.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas desde o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación práctica dos coñecementos e de adquisición de habilidades procedementais, utilizando aparellos (ordenador, estereoscopio, teodolito etc.) e manexando materiais (programas informáticos, cartografía, fotografía aérea etc) propios da metodoloxía arqueolóxica. Desenvolveranse no laboratorio de Arqueoloxía (LAUV) e nos terreos do campus próximos á facultade.
Seminario	Actividades en grupo reducido enfocadas ao traballo sobre un tema específico e concreto, especialmente a resolución de exercicios e casos prácticos sobre o tema.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Resolución de dúbidas metodolóxicas sobre as actividades prácticas (laboratorio, exercicios). O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: plataforma de teledocencia MooVi (todo o alumnado), seguimento no laboratorio (alumnado presencial), aula virtual Campus Remoto (alumnado non presencial).
Lección maxistral	Resolución de dúbidas sobre os contidos expostos nas sesións maxistrais. O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: plataforma de teledocencia MooVi (todo o alumnado), seguimento na aula (alumnado presencial), aula virtual Campus Remoto (alumnado non presencial).
Seminario	Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, os exercicios prácticos e a revisión das probas de avaliación. O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: plataforma de teledocencia MooVi (todo o alumnado), seguimento na aula e no laboratorio (alumnado presencial), aula virtual Campus Remoto (alumnado non presencial).
Eventos científicos	Información e asesoría personalizada sobre os eventos docentes e/ou divulgativos que teñan lugar durante o curso. O seguimento realizarase a traveso dos seguintes recursos: plataforma de teledocencia MooVi (todo o alumnado), seguimento na aula e no laboratorio (alumnado presencial), aula virtual Campus Remoto (alumnado non presencial).

Avaliación		
	Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Exame parcial nº 2 (materia impartida nos 2 últimos meses do cuadrimestre). Os contidos expostos nas sesións maxistrais serán avaliados mediante unha proba escrita de resposta curta (exame tipo test). Haberá dous exames parciais, amáis do exame final de cada convocatoria. Avaliación dos resultados da aprendizaxe "Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado" e "Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico"	25

Exame de preguntas obxectivas	Exame parcial nº 1 (materia impartida nos 2 primeiros meses do cuadrimestre). Os contidos expostos nas sesións maxistras serán avaliados mediante unha proba escrita de resposta curta (exame tipo test). Haberá dous exames parciais, amáis do exame final de cada convocatoria. Avaliación dos resultados da aprendizaxe "Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado" e "Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico"	25
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	As prácticas de laboratorio serán avaliadas mediante a entrega dun relatorio ou memoria de prácticas. Os alumnos deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, incluíndo especialmente os resultados dos exercicios prácticos realizados. Avaliación dos resultados da aprendizaxe "Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado" e "Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico"	25
Estudo de casos	Actividades en grupo reducido sobre temas específicos e concretos serán avaliadas mediante a entrega de exercicios (comentarios de texto, análises estratigráficas, etc). Avaliación dos resultados da aprendizaxe "Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado" e "Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico"	15
Observación sistemática	Participación activa nas clases teóricas e prácticas, tanto sexa na modalidade presencial como na semipresencial (seguimento da materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi). Avaliación dos resultados da aprendizaxe "Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado" e "Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico"	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dle-rae).

Todas as sesións de lección maxistral do profesor e mais as clases prácticas que sexa posible serán gravadas en vídeo. Estas gravacións quedarán a libre disposición dos alumnos a través da plataforma MooVi, onde poderán visualizalas asíncronamente no momento que estimen oportuno.

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Asimesmo deberá acudir ás probas que o docente dispoña como imprescindibles. Contabilizarase expresamente a asistencia ás clases e actividades prácticas (10%), tanto sexa acudindo de modo físico ás aulas como visualizando as gravacións das mesmas a través de MooVi.

Para aprobar a materia (e facer media ponderada coa avaliación das prácticas) é preciso obter no exame (media dos parciais ou exame final) unha nota igual ou superior ós 4 puntos. Tamén será preciso ter presentado unha parte suficientemente significativa das actividades prácticas, obtendo na avaliación conxunta das mesmas unha nota igual ou superior ós 3 puntos. Idénticas condicións rexen para a 2ª convocatoria.

Amáis do sistema descrito de avaliación continua, que debe ser a habitual tanto para presenciais como semipresenciais, todo o alumnado poderá elixir ser avaliado mediante a modalidade de "avaliación global", que terá que ser comunicada ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles contados dende o inicio do cuadrimestre (art. 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado*, da Universidade de Vigo). As probas de avaliación global consistirán nun exame, convencional por escrito, dos contidos da sesión maxistral (55%) e mais na entrega dun traballo de prácticas, a acordar co profesor/a, equivalente ao informe de

prácticas de laboratorio/campo e mais aos exercicios (comentarios de texto, análises estratigráficas) realizados nos seminarios (45%). Para aprobar será necesario superar o exame cunha nota igual ou superior a 4 puntos, superar o traballo de prácticas cunha nota igual ou superior a 3 puntos, e mais obter unha nota media final igual ou superior a 5 puntos.

Bibliografía. Fuentes de información

Bibliografía Básica

RENFREW, C.; BAHN P., **Arqueología. Teorías, Métodos y Práctica**, Akal, 1993

BENDALA GALAN, M., **La Arqueología**, Salvat, 1991

GUTIERREZ LLORET, S., **Arqueología. Introducción a la historia material de las sociedades del pasado**, Universidad de Alicante, 2001

CARANDINI, A., **Historias en la tierra. Manual de excavación arqueológica**, Crítica, 1993

DOMINGO, I.; BURKE, H.; SMITH, C., **Manual de campo del Arqueólogo**, Ariel, 2007

FRANKOVICH, R.; MANACORDA, D. (Eds.), **Diccionario de arqueología : temas, conceptos y métodos**, Crítica, 2001

GONZALEZ RUIBAL, A.; AYÁN VILA, X., **ARQUEOLOGIA: UNA INTRODUCCION AL ESTUDIO DE LA MATERIALIDAD DEL PASADO**, Alianza Editorial, 2018

García Sánchez, Jorge, **BREVE HISTORIA DE LA ARQUEOLOGIA**, 9788499675633, Nowtilus, 2014

BARBA COLMENERO, Vicente; FERNANDEZ ORDOÑEZ, Alberto, **TODO LO QUE HAY QUE SABER DE ARQUEOLOGIA**, 9788418965074, Pinolia, 2022

Bibliografía Complementaria

ALCINA FRANCH, J., **Diccionario de arqueología**, Alianza, 1998

GAMBLE, C., **Arqueología básica**, Ariel, 2008

RENFREW, C.; BAHN P., **Arqueología. Conceptos clave**, Akal, 2008

FERNANDEZ MARTINEZ V., **Teoría y Método de la arqueología**, 2ª, Síntesis, 2000

MCINTOSH, J., **Guía práctica de arqueología**, Blume, 1987

CABALLERO ZOREDA, L. y ESCRIBANO VELASCO, C. (Eds.), **Arqueología de la Arquitectura. El método arqueológico aplicado al proceso de estudio y de intervención en edificios históricos**, Junta de Castilla y León, 1996

HARRIS, E. C., **Principios de estratigráfica arqueológica**, Crítica, 1991

NIETO PRIETO, F. J., **Introducción a la Arqueología Subacuática**, CYMYS, 1984

ROSKAMS, S., **Teoría y práctica de la excavación**, Crítica, 2002

DANIEL, G., **Historia de la Arqueología. De los Anticuarios a V. Gordon Childe**, Alianza, 1974

GRAN-AYMERICH, E., **El nacimiento de la arqueología moderna 1798-1945**, Universidad de Zaragoza, 2001

MANNONI, T.; GIANNICHELLA, E., **Arqueología. Materias, objetos y producciones**, Ariel, 2007

BALLART, J., **El patrimonio histórico y arqueológico: valor y uso**, Ariel, 1997

PEREZ-JUEZ GIL, A., **Gestión del Patrimonio Arqueológico**, Ariel, 2006

HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ, F., **El patrimonio cultural: la memoria recuperada**, 2002

RODRIGUEZ TEMIÑO, I., **Arqueología urbana en España**, 2004

RIPOLL LOPEZ, Sergio (Coord), **La Prehistoria y su metodología**, 2ª, UNED, 2014

CLINE, Eric H., **Tres piedras hacen una pared. Historias de la Arqueología**, Crítica, 2018

RUIZ ZAPATERO, G. (Dir), **El poder del pasado. 150 años de arqueología en España**, Ministerio Cultura, 2018

GARCÍA DÍAZ, M.; ZAPATA PEÑA, L., **Métodos y técnicas de análisis y estudio en arqueología prehistórica**, UPV, 2013

MINGUEZ GARCIA, M.; CAPDEVILA MONTES, E. (Coords), **Manual de Tecnologías de la Información Geográfica aplicadas a la Arqueología**, Comunidad de Madrid, 2016

FERNANDEZ MARTINEZ V., **Arqueo-Estadística. Métodos cuantitativos en Arqueología**, Alianza Editorial, 2015

Criado Boado, Felipe, **ARQUEOLOGICAS: LA RAZON PERDIDA**, 9788472905672, Bellaterra, 2012

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Arqueoloxía aplicada/O02G251V01405

Outros comentarios

Os alumnos deberán estar dados de alta e co seu perfil editado na plataforma de teledocencia Moodle (acceso via MooVi). Nesta plataforma incluírase información detallada e adicional sobre contidos e actividades da materia, proporcionándose igualmente outro tipo de recursos docentes (material audiovisual, documentos, enlaces, foros etc.).

Materia impartida por A. Rodríguez e P. Valle, profesoras contratadas posDoc da Uvigo (programa Margarita Salas), baixo a coordinación docente de Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández.